
*EL TEXTO INFINITO
TRADICIÓN Y REESCRITURA
EN LA EDAD MEDIA
Y EL RENACIMIENTO*



SALAMANCA
2014

EL TEXTO INFINITO

PUBLICACIONES DEL SEMYR

actas

8

Director

Pedro M. Cátedra

Coordinación de publicaciones

Eva Belén Carro Carbajal

CONSEJO CIENTÍFICO

Vicente Beltrán Pepió (Università degli Studi di Roma, La Sapienza)

Mercedes Blanco (Université Paris-Sorbonne)

Fernando Bouza (Universidad Complutense)

Juan Carlos Conde (Magdalen College, University of Oxford)

Inés Fernández-Ordóñez (UAM & Real Academia Española)

Juan Gil (Real Academia Española)

Antonio Gargano (Università degli Studi di Napoli Federico II)

Fernando Gómez Redondo (Universidad de Alcalá)

Víctor Infantes (Universidad Complutense)

María Luisa López-Vidriero Abelló (IHLL & Real Biblioteca)

José Antonio Pascual Rodríguez (Real Academia Española)

Jesús Rodríguez-Velasco (Columbia University)

Christoph Strosetzki (Westfälische Wilhelms-Universität, Münster)

Bernhard Teuber (Ludwig-Maximilian-Universität, Munich)

Forman también parte de oficio del Consejo Científico las personas que, en corriente mandato, integren el consejo directivo del Seminario de Estudios Medievales y Renacentistas (Juan Miguel Valero Moreno,

Francisco Bautista Pérez, Bertha Gutiérrez Rodilla, Elena Llamas Pombo),

así como también quienes ostenten o hayan ostentado la presidencia de la

Sociedad de Estudios Medievales y Renacentistas:

Alberto Montaner Frutos (Universidad de Zaragoza)

Fernando Baños Vallejo (Universidad de Oviedo)

María José Vega Ramos (Universidad Autónoma de Barcelona)

EL TEXTO INFINITO
TRADICIÓN Y REESCRITURA
EN LA EDAD MEDIA
Y EL RENACIMIENTO

edición al cuidado de Cesc Esteve
con la colaboración de Marcela Londoño, Cristina Luna & Blanca Vizán
e índice onomástico de Iveta Nakládalová



SALAMANCA
Seminario de Estudios Medievales y Renacentistas
Sociedad de Estudios Medievales y Renacentistas
MMXIV

La publicación de este volumen se ha realizado con financiación del Ministerio de Ciencia e Innovación (ref. FFI2011-15119E).

COMITÉ DE SELECCIÓN

José Aragiés (Universidad de Zaragoza)
Amaia Arizaleta (Université de Toulouse-Le Mirail)
Emilio Blanco (Universidad Rey Juan Carlos)
Francisco Bautista (Universidad de Salamanca)
Juan Carlos Conde (Oxford University)
Juan Miguel Valero (Universidad de Salamanca)
María José Vega (Universitat Autònoma de Barcelona)
Lara Vilà (Universitat de Girona)

© *la SEMYR* & *el SEMYR*

© *los autores*

Maquetación: Jásar proyectos editoriales

Impresión: Nueva Graficesa, S.L.

I.S.B.N.: 978-84-941708-3-6

Depósito legal: S. 383-2014

TABLA

Presentación

[17-18]

PRIMERA PARTE PONENCIAS PLENARIAS

VICENÇ BELTRAN

*Estribillos, villancicos y glosas en la poesía tradicional: intertextualidades
entre música y literatura*

[21-63]

ROGER CHARTIER

La mano del autor. Archivos, edición y crítica literaria

[65-81]

ANTONIO GARGANO

Reescrituras garcilasianas

[83-111]

MARÍA JESÚS LACARRA

Las reescrituras de los cuentos medievales en la imprenta

[113-149]

MARÍA DE LAS NIEVES MUÑIZ
 Muñiz a descriptio puellae: *tradición y reescritura*
 [151-189]

ROSA NAVARRO DURÁN
 Curial e Güelfa, «*mélange de gothique et de renaissance*»
 [191-225]

SEGUNDA PARTE
 COMUNICACIONES

RAFAEL ALEMANY FERRER
Las reescrituras de un franciscano islamizado: Anselm Turmeda
 [229-242]

ANA PATRÍCIA R. ALHO
Sistema hidráulico Superior na arquitectura gótica em Barcelona. Casos de Estudo
 [243-256]

ÁLVARO ALONSO
Poesía pastoril entre Encina y Garcilaso
 [257-270]

PEDRO ÁLVAREZ-CIFUENTES
*Sobre copia y reescritura: Las diferentes versiones de la Crónica do Imperador
 Beliandro*
 [271-284]

FILIPE ALVES MOREIRA
*Tradición y reescritura: de la Crónica de Alfonso XI a la
 Crónica de Afonso IV*
 [285-297]

JOSÉ ARAGÜÉS ALDAZ

Los discípulos de Santiago: tradiciones, equívocos, fabulaciones (II)

[299-311]

CARMEN BENÍTEZ GUERRERO

La transmisión de la Crónica de Fernando IV: estado de la cuestión e hipótesis de trabajo

[313-325]

ALFONSO BOIX JOVANÍ

La aventura del toro en Peribáñez, ¿un ritual iniciático?

[327-339]

EVA BELÉN CARRO CARBAJAL

La Glosa peregrina de Luis de Aranda: tradición, intertextualidad y reescritura

[341-358]

MARÍA CASAS DEL ÁLAMO

Viola Animae: itinerario y particularidades tipográficas de una edición pinciana del siglo XVI

[359-368]

MARTÍN JOSÉ CIORDIA

Letras y humanidades en textos de Poggio Bracciolini

[369-380]

ANTONIO CONTRERAS MARTÍN

La versión catalana del Decameron (1429): algunas consideraciones sobre el jardín

[381-393]

ISABEL CORREIA

La corte, la clausura y la buena caballería: del Lancelot en prose al Palmeirim de Inglaterra

[395-407]

CECILIA A. CORTÉS ORTIZ

*El catálogo de sermones impresos novohispanos del siglo XVII de la
Biblioteca Nacional de México*

[409-424]

MARÍA DEL PILAR COUCEIRO

El paso del trasmundo en los Sonetos de Gutierre de Cetina

[425-440]

FRANCISCO CROSAS

Tradición y originalidad en la Historia de Troya de Ginés Pérez de Hita

[441-448]

MARÍA DÍEZ YÁÑEZ

*Las virtudes de la liberalidad, magnificencia y magnanimidad en la tradición
aristotélica en España a través de las traducciones al castellano del De Regimine
Principum de Egidio Romano*

[449-466]

CESC ESTEVE

*Reescriure i popularitzar la història al Renaixement. Les traduccions de Claude de
Seysel*

[467-478]

EDUARDO FERNÁNDEZ COUCEIRO

La recepción del Humanismo en Bohemia a través de los prólogos y las dedicatorias

[479-492]

NATALIA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

*La reescritura hagiográfica de motivos folclóricos: sobre el trasfondo edípico de la
leyenda de San Julian el Hospitalario en las versiones castellanas*

[493-509]

MANUEL FERREIRO

*Apostilas ao texto da cantiga Don Beeito, ome duro [B 1464, V 1074]
de Joan Airas de Santiago*

[511-527]

LEONARDO FUNES

Letras castellanas en tiempos de Fernando IV: esbozo de una historia literaria

[529-542]

LUIS GALVÁN

Ars longa, uita breuis: tiempo, retórica y política

[543-557]

FOLKE GERNERT

La textualización del saber quiromántico: la lectura de la mano en Lope de Vega

[559-575]

LUCÍA GÓMEZ FARIÑA

Atlas: la reescritura de un mito a través de los siglos

[577-590]

ALEJANDRO HIGASHI

*Pautas prosódicas de la variante editorial en la transmisión del
Cancionero de Romances*

[591-605]

JOSÉ HIGUERA

*La reescritura de la «philosophiam supernaturalem» en las ediciones lulianas de
Lefèvre d'Étaples: phantasia, ciencia y contemplación*

[607-621]

PABLO JUSTEL VICENTE

El motivo de la despedida en la épica medieval castellana

[623-637]

IOANNIS KIORIDIS

*Hermano reconoce a hermana: variantes del motivo en el romancero
y las baladas tradicionales griegas*

[639-653]

EVA LARA ALBEROLA

*¿Los delirios de una moribunda...? La conformación definitiva de la hechicera
celestinesca en el Testamento de Celestina, de Cristóbal Bravo*

[655-668]

ANA SOFIA LARANJINHA

*A matéria de Bretanha na Istoría de las bienandanças e fortunas de
Lope García de Salazar: modalidades e estratégias de reescrita*

[669-682]

MARCELA LONDOÑO

*La condena de la oración supersticiosa en el siglo XVI.
El ejemplo de San Cipriano*

[683-694]

ANA M^a MALDONADO CUNS

«Puesto ya el pie en el estribo» como excusa para López Maldonado et alii

[695-711]

CLARA MARÍAS MARTÍNEZ

*La vida cotidiana en las epístolas poéticas del Renacimiento:
tradición clásica y reescritura autobiográfica*

[713-730]

LLÚCIA MARTÍN PASCUAL

*Lecturas divergentes y correcciones de copistas en los manuscritos F y N
de las poesías de Ausiàs March*

[731-747]

NURIA MARTÍNEZ DE CASTILLA MUÑOZ
«Hacer libros no tiene fin». Los moriscos y su patrimonio manuscrito
[749-758]

MARÍA DEL ROSARIO MARTÍNEZ NAVARRO
*Reescritura anticortesana de la tradición bíblica y romancística
en Cristóbal de Castillejo*
[759-776]

MARTA MATERNI
*Reescritura y tradición sapiencial de un Speculum principis en cuaderna vía:
los castigos de Aristóteles en el Libro de Alexandre (cc. 51-84)*
[777-785]

LAURA MIER PÉREZ
Adulterio y comicidad en el teatro renacentista
[787-801]

RUTH MIGUEL FRANCO
El tratamiento de las citas en la parte gramatical del Catholicon de Juan Balbi
[803-816]

JOSÉ LUIS MONTIEL DOMÍNGUEZ
La impronta leonesa de la Crónica de veinte reyes
[817-830]

ISABEL MUGURUZA ROCA
*De alegorías y maravillas: reescritura, intertextualidad y auto-plagio
en la obra de Antonio de Torquemada*
[831-843]

SIMONA MUNARI
Vari gradi di riscrittura nei Colloqui di Erasmo
[845-858]

IVETA NAKLÁDALOVÁ

El árbol del conocimiento: la reescritura de los topoi gnoseológicos en la obra de Juan Amos Comenio

[859-872]

JOSÉ LUIS OCASAR

La atribución del Lazarillo a Arce de Otálora. Una perspectiva geneticista sobre los problemas de autoría

[873-888]

ALICIA OIFFER-BOMSEL

Fray Luis de Granada, traductor del Contemptus Mundi de Tomás de Kempis: de la noción de translatio a la reelaboración conceptual en la obra del humanista granadino

[889-903]

GEORGINA OLIVETTO

*«Si quid deterius a me perscriptum est, emendationis tuae baculo castigues».
Cartagena, Decembrio y la República de Platón*

[905-917]

MARÍA DEL PILAR PUIG-MARES

Pues de ti solo es mandar (figuras reales en autos del siglo XVI)

[919-934]

JOSÉ ANTONIO RAMOS ARTEAGA

Entradas teatrales en el contexto colonial: reinventiones sobre el modelo medieval

[935-945]

ROSA MARÍA RODRÍGUEZ PORTO

De tradiciones y traiciones: Alfonso X en los libros iluminados para los reyes de Castilla (1284-1369)

[947-962]

AMARANTA SAGUAR GARCÍA

Los libros sapienciales y Celestina: el caso paradigmático de Eclesiástico
[963-975]

SARA SÁNCHEZ BELLIDO

Inversión de tópicos en un diálogo renacentista: los Coloquios
de Baltasar de Collazos
[977-989]

PAULO SILVA PEREIRA

El Libro de Job y la cultura portuguesa de la Edad Media al Renacimiento:
traducción, tradición y transgresión
[991-1006]

MARIANA SVERLIJ

La razón y el absurdo: diálogos con la antigüedad en la obra de
Leon Battista Alberti
[1007-1017]

JUAN MIGUEL VALERO MORENO

Denis de Rougemont: La invención del amor
[1019-1045]

BLANCA VIZÁN RICO

La influencia de Savonarola en la «Devota exposición del Salmo Miserere mei
Deus» de Jorge de Montemayor
[1047-1062]

Índice onomástico

[1063-1089]

SEGUNDA PARTE
COMUNICACIONES

APOSTILAS AO TEXTO DA CANTIGA
DON BEEITO, OME DURO [B 1464, V 1074]
DE JOAN AIRAS DE SANTIAGO¹

MANUEL FERREIRO
Universidade da Coruña

A LOONGO DE MÁIS de cen anos de investigación sobre as cantigas que conforman o corpus trobadoresco galego-portugués, os textos poéticos foron editados e estudados con fortuna desigual. E, a pesar de tantas décadas de traballo ecdótico, aínda fican numerosos *loci critici* sen resolver, quer por unha transmisión anómala dos textos a partir dos apógrafos quiñentistas italianos do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e mais do *Cancioneiro da Vaticana* (fronte ao *Cancioneiro da Ajuda*, que levanta moitos menos problemas), quer por lapsos ou erros dos editores, en contextos que presentan certas dificultades interpretativas.

A revisión coidadosa dos manuscritos, a lectura asisada dos textos e o confronto do corpus trobadoresco cos restantes textos medievais e, tamén, co léxico galego e portugués moderno (común e dialectal) poden achegar novas solucións para vellos problemas na edición das cantigas trobadorescas galego-portuguesas, nomeadamente nalgunhas pertencentes ao xénero de escarnho e de mal dizer.

1. Este traballo inscríbese no proxecto de investigación «Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa» (FFI2009-08917), subsidiado polo «Ministerio de Ciencia y Tecnología. Dirección General de Investigación. Subdirección General de Proyectos de Investigación».

Neste contributo propómonos estudar a fixación textual dunha cantiga, en que a acción dos diversos editores provocou a aparición de voces de carácter dubidoso, mesmo inexistentes, verdadeiros hapax que convén analizar pormenorizadamente antes de os consagrar no repertorio lexical do corpus trobadoresco.

Nunha cantiga do trobador Joan Airas de Santiago sobre Don Beeito (B 1464, V 1074)², achamos algún deses *loci critici* editoriais (nomeadamente nas palabras-rima da derradeira estrofa) que desde os primeiros momentos provocou diversas solucións nos estudosos que se enfrontaron aos textos do ilustre trobador compostelán.

Eis a transcripción paleográfica:

| | |
|------------------------------------|---|
| B 1464 | V 1074 |
| Don beeyto home duro foy | Don beeyro home duro foy beyiar |
| Beyar pelo obs curo a ma fenhor | pelo o fcuro amha senhor |
| + ome homa auenturado foy | Home homa uenturado foy beyiar |
| Beyar pelo furado a ma senhor | pelo furado amha senhor |
| Vedes que grã defuentura | Vedes <i>que</i> gran des uentura |
| Beijou pela fende dura a ma senhor | beirope la fendedura amha senhor |
| Vedes que moy grande boto foy | Vedes <i>que</i> muy granda beto foy leirar |
| Benar pelo bureco a ma senhor | polo bureco amha senhor |

Antes da aparición da grande edición das cantigas satíricas realizada por Manuel Rodrigues Lapa, existen tres versións previas da composición, de carácter ecdoticamente discutíbel. A primeira publicación do texto é a realizada por Teófilo Braga na súa versión do *Cancioneiro da Vaticana*³,

2. A cantiga forma parte dun conxunto de tres composicións dedicadas a esta personaxe, Don Beeito. Vid. tamén 1482 / 63,23 [B1463/V1073] e mais 1484 / 63,76 [B1465/V1075]. Para as referencias ás cantigas, utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur, coas correccións incorporadas por J. M. Montero Santalla (2000: 55-101), acompañada da numeración de Tavani. Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro & Martínez Pereiro & Tato Fontaña (2007). Canto á lectura dos manuscritos, manexamos as edicións facsimilares do *Cancioneiro da Ajuda* (1994), do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (1982) e do *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana* (1973).

3. Braga (1878: 204).

explicando a voz *abaco* como «Cofre, arca» no «Glossario arcaico do cancionero» da súa edición (p. 233), sen apoio lexicográfico claro:

Dom Beeyto home duro,
foy beijar pelo oscuro
a mba senhor.

Hom' é hom'aventurado,
foy beyjar pelo furado
a mba senhor.

Vedes que gran desventura,
beijou-lhe la fendedura
a mba senhor.

Vedes que moy grand'abaco,
foy beijar pelo buraco
a mba senhor.

A seguinte edición do texto aparece na edición de conxunto do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, realizada por J. P. Machado e E. Paxeco, que non inclúen o seu *baco* no vocabulario final da edición e que non localizamos na dicionarística galego-portuguesa⁴:

Dom Beeyto, home duro
foi Beyar, pelo obscuro,
a ma senhor.

[N]om [h]e hom aenturado:
foy Beyar, pelo furado,
a ma senhor.

Vedes que gram desventura:
Beijou pela fendedura
a ma senhor.

Vedes que moy grande baco:
Foy Beiiar pelo buraco
a ma senhor.

4. Machado & Paxeco (1958: VI, 166-167).

Por súa parte, Ramón Fernández Pousa inclúe o texto na súa edición das cantigas do trovador compostelán⁵. Neste caso, respecta a lección dos manuscritos en *buréco*, mais establece unha forma *abéco* que non explica:

Don Beeyto, home duro,
foy beyiar, pe-lo / oscúro,
a mha senhor.

A om' é hom' aenturado:
foy beyiar pe-lo furado,
a mha senhor.

¡Uedes qué gran desuentúral;
beiiou pe-la fendedúra
mha senhor.

¡Uedes qué moy grand' abécol;
foy beiiar pe-lo buréco
a mha senhor.

En 1970 é publicada a segunda edición, a definitiva, do corpus escarriño fixado por Manuel Rodrigues Lapa, que, en xeral, se caracteriza pola superioridade ecdótica dos textos editados polo grande estudoso portugués sobre os dos seus antecesores. Na súa edición, Lapa establece *achaco* (e, por tanto, *buraco*), xustificando a decisión no feito de atestar esta forma «no Cartulário do mosteiro de Melón (Galiza), em documentos do século XIII, como o significado de 'dificuldade, incómodo'. Deve ser a verdadeira lição»⁶:

Don Beeito, ome duro,
foi beijar pelo obscuro
a mia senhor.

Come ome aventurado,
foi beijar pelo furado
a mia senhor.

5. Fernández Pousa (1959: 281).

6. Lapa (1970: 282).

Vedes que gran desventura:
beijou pela fendedura
a mia senhor!

Vedes que moi grand' achaco:
foi beijar pelo buraco
a mia senhor!

Finalmente, o cancionero de Joan Airas encontrou comprida edición, de alta calidade, na pena de J. L. Rodríguez, que realizou a edición crítica de todo o cancionero do trobador compostelán⁷:

Don Beeito, ome duro,
foi beijar pelo oscuro
a mia senhor.

Om' é ome aventurado,
foi beijar pelo furado
a mia senhor.

Vedes que gran desventura:
beijou pela fendedura
a mia senhor!

Vedes que moi grand' abato:
foi beijar pelo burato
a mia senhor!

O editor do cancionero de Joan Airas rexeita as opcións de Braga, Machado-Paxeco e Fernández Pousa por presentaren formas sen atestación (hapax, por tanto), para alén de inexistentes na lección dos manuscritos. Porén, convencido da existencia de erros de transmisión, propón *abato* como derivado regresivo de *abater*, a rimar, en consecuencia, coa forma galega *burato*, considerando errada neste caso a opción lapiana: «En cuanto a *achaco*, que indica Lapa y que localiza en documentos del siglo XIII, aunque se aviene perfectamente al sentido y a la estructura paralelística de la composición, presenta el inconveniente de alejarse demasiado del

7. Rodríguez (1980: 302). A cantiga foi escolmada por Arias Freixedo (1993: 136) con adaptación gráfica e opción por *abato* - *burato* na cuarta estrofa («abato: infelicidade»). É de notar tamén a interpretación do v. 4: ¡Hom'!, é hom'aventurado.

texto manuscrito»⁸. O editor xustifica a súa opción («*Abato*, [...], significará de acordo con la etimología y el contexto ‘abatimiento, tristeza, desgracia’») como un derivado posverbal non atestado de *abater* (cf. med. *acorro*, *combato*, mod. *socorro*, *sorvo*), a pesar de recoñecer que as formas máis frecuentes no período medieval presentan a derivación con *-mento* (*abatimento*, *aborrecimento*, *acorrimento*, *combatimento*).

A última publicación do texto de Joan Airas é da responsabilidade de Graça Videira Lopes, que editou novamente o cancionero trobadoresco satírico, neste caso retomando as vellas leccións de Teófilo Braga⁹:

Dom Beeito, home duro,
foi beijar pelo oscuro
a mia senhor.

Come home aventurado,
foi beijar pelo furado
a mia senhor.

Vedes que gran desventura:
beijou pela fenedura
a mia senhor.

Vedes que moi grand’**abaco**:
foi beijar polo **buraco**
a mia senhor.

Así pois, en rima con *buraco*, propón a forma *abaco*, afirmando que «será golpe, se é esta a lectura correcta (o que não é certo)»¹⁰. Nas «Notas Complementares» Lopes amplifica a explicación: «o verso está em íntima conexão com a lectura do final do verso seguinte, em B e V *bureco*, termo que não parece fazer sentido. As leituras do 1º verso têm divergido, mesmo em Lapa, que na 1ª ed. leu *abaco* (infelicidade, sentido retirado do paralelismo com a estrofe anterior), e na 2ª *achaco* (dificuldade, incómodo, termo que o grande editor diz ter encontrado num documento do século XIII). Rodríguez lê *abato* (tristeza) no 1º verso e *burato* no 2º (o termo existe em galego, ainda que não seja corrente). Fixei-me, sem grandes certezas, na

8. Rodríguez (1980: 304).

9. Lopes (2002: 187).

10. Lopes (2002: 187).

forma *abaco*, que me parece estar mais de acordo com os mss., a partir do cast. *abacorar* (fustigar, açoutar), o que me parece perfeitamente coerente com a cantiga. Podíamos também pensar que o termo poderia ser uma deturpação de *abacto* (lat. *abactu*), roubo (especialmente de gado), mas parece-me um termo demasiado especializado. Prefiro, de qualquer forma, este termo porque não sei se não haverá também um qualquer equívoco com ‘bácoro, porco’¹¹.

A versión da cantiga na publicación *on-line* dos textos trobadorescos galego-portugueses realizados na Universidade Nova de Lisboa, coa dirección desta mesma editora, mantén exactamente o mesmo texto (coa conversión de *moi* en *mui* no v. 10), e cunhas notas que resumen as anteriores afirmacións de Lopes¹².

Para alén destas edicións, existen aínda outras dúas tentativas de solución para a derradeira estrofa. A primeira, de Valeria Bertolucci, propón, en rima con *burato*, o hapax (en galego-portugués) *bato*, «‘tonto, grosso di mente, di poco cervello’, forma documentata nel castigliano [...] e nel catalano»; no entanto, este adxectivo substantivado é de aparición tardía nesas linguas¹³.

A segunda, da autoría de Montero Santalla, opta «com muita incerteza» polo par lexical *execo* - *bureco* como palabras rimantes. Xustifica *execo* (‘desgraza, situación penosa’) polo paralelismo con *desventura* (v. 7), mentres que *bureco* é considerado como opción segura, polo paralelismo con *furado* e *fendedura*. Non consegue documentar esta forma, mais considera probábel a súa existencia pola habitual vacilación no suf. *-aco*, *-eco*, *-oco* neste tipo de vocábulos de orixe prelatina¹⁴.

Así pois, as diversas opcións editoriais do principal *locus criticus* do texto de Joan Airas de Santiago xustifican unha nova edición que tente resolver, na súa totalidade, as tres fundamentais cuestións levantadas polos manuscritos para a fixación desta cantiga: a) as diverxencias entre os manuscritos B e V en casos en que calquera das formas é (aparentemente) lexítima (*obscura* / *oscuro*, *ma* / *mia*, *moi* / *mui*, *polo* / *pelo*); b) a interpretación acaída

11. Lopes (2002: 567).

12. Lopes, *Cantigas*, <http://www.cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1497&tr=4&pv=sim>.

13. Bertolucci Pizorusso (1961: 83).

14. Montero Santalla (2000: 671-672).

da lección dos manuscritos no inicio do v. 4; c) as palabras rimantes da derradeira estrofa (vv. 10-11). Eis o texto proposto¹⁵:

Don Becito, ome duro,
foi beijar pelo oscuro
a mia senhor.

Om'é, om'aventurado:
foi beijar pelo furado 5
a mia senhor.

Vedes que gran desventura:
beijou pela fendedura
a mia senhor.

Vedes que moi grand'abeto: 10
foi beijar pelo bureco
a mia senhor.

NOTAS AO TEXTO

1. A pesar de, en xeral, os textos transmitidos por B seren superiores ás leccións de V, nesta cantiga non sempre parecen as óptimas nalgunhas das leccións diverxentes dos vv. 2 (*obsuro/oscuro*), 10 (*moi/mui*), 11 (*pelo/polo*) e do refrán (*ma/mia*):

a) A voz erudita *obsuro*, atestada por vez primeira no século XVI, semella produto dunha intervención latinizante do copista de B sobre unha forma *oscuro* (antecedente da xeral *escuro*) que rexistramos a través dalgúns derivados (*oscuridade, oscurez(a)*) en textos medievais algo tardíos. A primeira das formas atéstase nun texto notarial galego de 1431¹⁶:

15. Variantes manuscritas: 1 Becito] beeyro V - 2 beijar ... oscuro] beyar ... obscuro B - 3 mia] ma B - 4 om'] homa B, hom V - 5 beijar] Beyar B - 6 mia] ma B - 8 beijou] beiro V - 9 mia] ma B - 10 moi] muy V; grand'abeto] grande boto B, granda beto V - 11 beijar] Benar B, leirar V; pelo] polo V - 12 mia] ma B.

16. Localizado a través do TMILG.

Por quanto eu o dito notario aio de faser tres cartas, se en alguna delas ouuer mays **oscuridade** que en outra, a saluo me fique de as conçertar hunas con outras et me non vaay y perjudiçio¹⁷.

A voz *oscuriza* aparece no *Livro dos Ofícios*¹⁸:

E sse alguñs de ssua primeira hidade por sua homildade e **oscuriza** nom som conhecidos dos homeñs, devensse de trabalhar dactalçar grandes cousas com studos dereitos.

b) A pesar da lexitimidade histórica da forma posesiva feminina *ma*, fronte á xeral *mia*, a realidade dos apógrafos italianos aconsella a elección da forma maioritaria, por canto se pode comprobar nalgúns casos de diverxencia como a aparición de *ma* por *mia* (<mha>) responde, en principio, a un lapso do copista.

c) Fronte a *mui*, probábel nivelación de V, mantemos *moi*, forma minoritaria nos cancioneiros que moi probabelmente presenta un índice de aparición baixo polo verniz lusitanizante que se pode observar nos apógrafos italianos.

d) Canto á vacilación *polo* / *pelo*, optamos pola segunda forma en coherencia coa aparición desta variante nos vv. 2, 5 e 8.

2. O inicio do v. 4 permitiu diversas interpretacións nos editores anteriores, favorecidas polas características da copia deste verso en B e V. Mentres que o Cancioneiro da Vaticana presenta <Home> como primeiro elemento do verso, o Cancioneiro da Biblioteca Nacional ofrece a lección <ome>, con explícita ausencia dunha letra (maiúscula), lacuna sinalada polo copista cunha cruz lateral. Este feito é o que xustifica diversas lecturas diverxentes: o texto de Machado interpreta que o grafema omitido é <N>, cunha enxeñosa interpretación do verso 4 (*[N]om [b]e*); e a lectura *Come* de Lapa (e Lopes) parte da ausencia de <C>, resultando sintáctica e semanticamente acaída no contexto da estrofa e da cantiga. Con todo, coidamos que a lección de V confirma que a letra ausente en B é <H>, feito que nos debe levar a establecer unha lectura que parta desta realidade textual. É

17. Graña Cid (1990: 341).

18. Citamos a través de Davies & Ferreira (2006).

por isto que optamos pola interpretación que presentamos (*Om'è*), tamén acaída ao contexto e xustificada polas leccións dos apógrafos italianos.

3. O máis importante *locus criticus* da cantiga reside nas palabras-rima da derradeira estrofa, de xeito que unha condiciona a outra por canto deben rimar entre si. Todas as edicións da cantiga parten do feito da existencia de erros de copia nestes versos por causa da (aparente) inexistencia das formas transmitidas polos manuscritos: *bureco*, lección indubitábel, e *abeto*, que se derivaría das leccións conservadas para o v. 10: <grande boto> B, <granda beto> V¹⁹. A confusión <o>/<e> é absolutamente habitual en BV, o mesmo que a deficiente segmentación dos elementos, coa reinterpretación <grande> en B. Todo remite, pois, a *grand'abeto* como lección orixinal, xa que non é posíbel documentar unha forma **beto*, e a semántica exclúe a posibilidade de *grande beco*²⁰.

Certamente, *abeto* sería un hapax na nosa lírica e na literatura posterior, mais achamos indicios suficientes para afirmar que é unha forma realmente existente no espazo galego-portugués durante a Idade Media, xunto con outras formas lexicais da mesma familia, todas elas probablemente procedentes do provenzal ou do antigo francés²¹, xa que nestas dúas linguas se atesta *abet* ‘engano, trampa, fraude’²² (con grafía flutuante en francés: *abette, abeth, abete, habet, abett, abeit...*) e mais outras voces da mesma familia lexical:

a) En primeiro lugar, nas *Cantigas de Santa Maria*²³ rexístrase unha forma *abete* ‘engano, manha’²⁴ que semella variante concorrente con *abeto* a partir da súa probábel orixe no subst. masc. *abet*:

19. Talvez <bero>, tal como interpreta Monaci (1875: 373), con confusión <t>/<r> de fácil explicación paleográfica e frecuentísima ocorrencia nos apógrafos italianos.

20. Véxase, con todo, documentacións antigas de *beco* en Davies & Ferreira (2006).

21. No léxico de orixe francesa na poesía trobadoresca galego-portuguesa, só é recollida a forma *abete* das *Cantigas de Santa Maria*, «o único exemplo que atopei nos Cancioneiros», cf. García-Sabell Tormo (1991: 20).

22. Cf. «ruse, finesse; raillerie», Levy (1909: s.v. *abet*), «finesse, ruse», Raynouard (1836: s.v. *abet*), «ruse, finesse, fraude», Godefroy (1982: s.v. *abet*) ou «Tomperie, ruse», Greimas (1987: s.v. *abet, abeit*).

23. Mettman (1986-1989).

24. Mettmann (1979: s.v.).

Aquel Soldan, sen mentir,
 cuidou que per abete
 o querian envayr
 os seus (CSM 28.87)

b) Existe tamén o derivado *abetamento* na literatura prosística medieval portuguesa (cf. fr. *abetement* ‘instigation’)²⁵. Atéstase no *Leal Conselheiro*:

E a outros que com a bevedice som do conto daqueles que per ledice se tornam bugios ou cães, porque acidentalmente recebem tal prazer ou abetamento / dos sentidos pera nom padecer tanta tristeza, como pera pequeno spaço logo tornam a sentir tanta mingua daquel vinho que como costringidos tornam a el de tal guisa que, onde se cuidam curar de ùa infirmitade, caem na servidõe da bevedice, per que se perdem muitos das almas, e corpos, e fazendas²⁶.

E tamén no *Orto do Esposo*, onde lle é atribuído o significado de ‘embotamento, imbecilidade’ por Bertil Maler e mais pola recente editora do texto portugués, que lle atribúe exactamente o mesmo valor, en liña con *abetar* ‘deslumbrar, ofuscar’²⁷:

E estas cousas cobra a alma con mui grande direito. Ca, pois leixa o poderio, cobra enfermidade, que é nom aver poderio de resistir aos males e nom poder fazer bem. E porque leixou a sabedoria encorreo em ignorancia que é abetamento que nom pode conhecer aquelas cousas que som necessarias aa sua saude. E porque leixou a bondade, cobrou a malicia que é inclinaçom pera mal²⁸.

Para alén disto, aínda se pode aducir a presenza do verbo *abetar* no *Orto do Esposo*, tamén relacionado co fr. *abeter* e/ou co prov. *abetar*²⁹:

25. Cf. Godefroy (1982, s.v. *abetement*).

26. Na versión modernizada desta obra, o editor João Morais Barbosa optou por *abestamento*, aínda que a nota explicativa recolle *abetamento*, anotada como «embrutecimento», cf. Duarte (1982: 108).

27. Maler (1964: 40) e Nunes (2007: 333).

28. Nunes (2007: 83).

29. Cf., no francés, «tromper, duper; exciter, inciter, favoriser», Godefroy (1982: s.v. *abeter*) e, no provenzal, «betrügen, täuschen», Levy (1894: s.v. *abetar*) ou «tromper, abuser», Levy (1909: s.v. *abetar*).

A boa andançã é madrastra da virtude e assi é fagueira aos seus criados; em guisa que lhe empeeça e assi lhes obedece e os serve em na carreira deste mundo facendo-os beadantes com ventura mal aventurada; en [sic] guisa que na fim obre destruímento, ca logo em no começo, aos seus convidados, apresenta cousas doces e depois que forem embevedados mesturem-lhe peçonha mortal e, o que peor é, quanto mais parece clara e fremosa, tanto mais lança mais espessa escuridade em nos olhos abetados daqueles que veem a sua fremusura³⁰.

Estas ocorrencias na literatura medieval tardía están probabelmente na base da aparición de *abetamento* e *abetar* nalgún dicionario portugués, como o etimolóxico de Machado e, máis recentemente, no de Houaiss, onde *abetar* é definido «privar dos sentidos ou tornar embotado, obtuso; hebetar» e «induzir a engano; burlar», e, coherentemente, *abetamento*, considerada voz antiga, é «perturbação dos sentidos ou ausência de sensibilidade; embrutecimento» e «indução a engano; burla»³¹.

Por súa parte, Corominas recolle *abeite* ‘cebo, engaño’ e *abeitar* ‘engañar’, que relaciona directamente co gót. **baitan* ‘poner cebo, hacer morder el cebo’, aínda que tamén rexistra unha variante minoritaria *abetar*, que considera evolución de *abeitar*, con redución do ditongo, contra a teoría de que proceda do fr. *abeter*. Segundo o lexicógrafo catalán, este *abetar* sobreviviría en falas galegas (cita *avetar* en Sarmiento e *abetar*, *abetamento* en Sobreira): «desde el centro de España debió de propagarse hasta Galicia»; porén, tendo en conta a ausencia de ditongo nestes restos, Corominas finalmente tamén recoñece que estas formas poderían ser «galicismos literarios ya antiguos»³².

Efectivamente, a forma *abeto* e o verbo *abetar(se)* tamén se rexistran, evoluídos semanticamente, no galego moderno³³. É significativo que o substantivo sexa inicialmente recollido na conservadora rexión oriental galega na frase verbal *facer abetos* («Alargar nuna cosa fingiendo que se da,

30. Nunes (2007: 183). As ocorrencias de *abetamento* e *abetar* foron localizadas a través do CIPM.

31. Machado (1967: s.v. *abetamento*, *abetar*); Houaiss & Villar & Franco (2001: s.v. *abetamento*, *abetar*).

32. Corominas & Pascual (1980: s.v. *abeitar*).

33. As documentacións lexicográficas de *abetar* e derivados en galego foron localizadas a través do RILG.

y retirarla cuando el otro va a cogerla»³⁴, que remite tamén ao significado básico de ‘engano, trampa’; máis recentemente tamén aparece como sinónimo de ‘desexo’ e, de novo, na frase verbal *facen abeto* «enseñar algo a alguen de tal forma que el que lo ve lo codicia vivamente»³⁵.

Por outra banda, tamén o verbo *abetarse* é recompilado por Sobreira no século XVIII, localizado en Ribadavia e Moraña, co significado de «Tropezarse, enredarse de lengua hablando, o de discurso razonando» e «Embargar a otro la voz o la palabra; interrumpirlo»³⁶, así como «Impedir, estorbar, etc., en especial cuando uno habla» no *Catálogo de Voces y Frases Gallegas* de Sarmiento³⁷, de onde pasou a algúns dicionarios posteriores. E do mesmo xeito, *abetamento* ‘efecto de *abetarse*’ tamén aparece en Sobreira³⁸.

Finalmente, no relativo ao v. 11, a lectura <bureco> é indubitábel, de xeito que, de principio, se debería comprobar a real existencia desta forma no espazo lingüístico galego-portugués. E, efectivamente, aínda que en absoluto retroceso na actualidade, existen claros indicios da existencia histórica da voz *bureco* como parte dun proceso de palatalización de /a/ presente en diversos territorios portugueses que afecta, entre outras, á voz *buraco*³⁹. Para alén disto, nótase a existencia actual da forma *fureco* (e *fureca*), evidente cruzamento entre *furado* e *bureco*, rexistrada no contributo lexicográfico galego de E. Rivas Quintas⁴⁰.

Fica, por tanto, o problema da rima, que esperaríamos en *-eto* ou, alternativamente, en *-eco*, e non *-eto* / *-eco*, tal como se deduce dunha edición respectuosa coa lección dos manuscritos. Certamente, as rimas da lírica trobadoresca galego-portuguesa teñen como norma xeral a perfecta correspondencia fónica, con excepción dunha parte das cantigas de amigo. Mais tamén é certo que ao longo do corpus podemos localizar bastantes casos de anomalías rimáticas, de que os poetas debían ser conscientes dada a súa recorrencia e a relativa frecuencia con que se poden localizar rimas «defectuosas», onde se poden facer varios grupos:

34. Otero Álvarez (1977: s.v. *abeto*). Como substantivo significa tamén ‘neno traste’.

35. García González (1985: s.v. *abeto*).

36. Sobreira (1979: s.v. *abetarse* e *avetar*).

37. Sarmiento (1973: s.v. *avetar*).

38. Sobreira (1979: s.v. *abetamento*).

39. Cintra (1983: 132-133); Brissos (2011: 60, 165, 177-178).

40. Rivas Quintas (1978: s.v. *fureco*, *fureca*).

- a) rimas en que intervén a nasalidade ou fonemas consonánticos nasais: para alén da frecuencia de aparición rimática das secuencias /i/-/in/, que esixe un estudo máis pormenorizado, poden localizarse outras en que está implicada unha consoante nasal, como, por exemplo, as rimas *unba - espunlba* (427, vv. 5, 6), *oje - longe* (1174, vv. 15, 17), *faça - boança* (1414, vv. 5, 6);
- b) rimas que establecen equivalencia entre as soantes /l/ e /□ / aparecen con relativa frecuencia ao longo do corpus. Véxanse, entre outras, as seguintes: *amar - al* (144, vv. 1, 6), *souber - segrel* (971, vv. 17, 21), *Soveral - estar* (1292, vv. R), *Natal - dar* (1356, vv. 1, 2), *priol - melbor* (1430, vv. 12, 13), *taful - algur* (1659, vv. 12, 13);
- c) rimas onde se localizan equivalencias anómalas entre sibilantes, mostra, talvez, da evolución que este grupo de consoantes estaba a sufrir, como, por exemplo, *fiç - quix* (698, vv. R), *diç - fis - raiç* e *fis - Alharix - juiç* (1332, vv. 29, 32, 35 e 36, 39, 42), *vezes - meses - torneses* (1467, vv. 8, 11, 14);
- d) rimas anómalas dificilmente clasificábeis. Entre outros exemplos, véxanse os seguintes: *azes - [s]iguazes - rapazes - arraizes* (489, vv. 19, 20, 21, 23), *creades - mandardes* (595, vv. 19, 20), *medo - Pedro* (1118, vv. 10, 12), *ventnira - dura* (1403, vv. 9, 10), *calçades-pagardes* (1598, vv. 15, 18), *mercedes - franceses* (1615, vv. 5, 6);
- e) finalmente, rimas onde se produce equivalencia acústica entre oclusivas xordas como no presente texto: tal equivalencia rexístrase na cantiga 206, de Pero Garcia Burgales, onde o *franca* do refrán rima sucesivamente con *tanta* (v. 4), *quebranta* (v. 10) e *canta* (v. 14).

A partir destes datos (lección dos manuscritos, existencia histórica das palabras rimantes da cuarta estrofa, uso de rimas imperfectas no corpus trobadoresco), coidamos que se pode resolver o *locus criticus* da derradeira estrofa por medio da lectura *abeto* ‘engano, ofuscación, desexo’ e *bureco* ‘buraco’, probábel lección orixinal da cantiga de Joan Airas de Santiago.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Arias Freixedo, X. B., *Antoloxía de poesía obscena dos trovadores galego-portugueses*, Vigo, Positivas, 1993.
- Bertolucci Pizzorusso, V., «A proposito di una recente edizione di Johan Ayras de Santiago», *Studi mediolatini e volgari*, 9 (1961) 71-100.
- Braga, Th., *Cancioneiro Portuguez da Vaticana*, 1878.
- Brissos, F. J. Costa, *Linguagem no sueste da Beira no tempo e no espaço*, Dissertação de Doutoramento, Universidade de Lisboa, 2011.
- Cancioneiro da Ajuda. Edição Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa, Edições Távola Redonda, 1994.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*, Lisboa, Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803)*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.
- Cintra, L. F. Lindley, «Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses», *Estudos de Dialectologia Portuguesa*, Lisboa, Sá da Costa Editora, 1983, 117-163.
- CIPM = Xavier, M. Francisca (dir.), *Corpus Informatizado do Português Medieval*: <http://cipm.fcsh.unl.pt/>
- Corominas, J. & Pascual, J. A., *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Madrid, Gredos, 1980-1991.
- Davies, M. & Ferreira, M., *Corpus do Português: 45 million words, 1300s-1900s*, 2006-: <http://www.corpusdoportugues.org>.
- Duarte, D., *Leal Conselheiro*, ed. de J. Morais Barbosa, Lisboa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1982.
- , *Leal Conselheiro*, ed. de M. H. Lopes de Castro, Lisboa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1998.
- Fernández Pousa, R., «Cancionero gallego de Joán Airas, burgués de Santiago (S. XII-XIII)», *Compostellanum*, 4 (1957) 251-290.
- Ferreiro, M. & Martínez Pereiro, C.P. & Tato Fontaíña, L., *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa*, Universidade da Coruña, 2007.
- García González, C., *Glosario das voces galegas de hoxe*, Santiago de Compostela, Anexo 27 de *Verba*, 1985.
- García-Sabell Tormo, T., *Léxico francés nos cancioneiros galego-portugueses. Revisión Crítica*, Vigo, Galaxia, 1991.

- Godefroy, F., *Dictionnaire de l'ancienne langue française et de tous ses dialectes du IX^e au XV^e siècle*. Genève – Paris, Slatkine, 1982 [Reprod. facs. da ed. de Paris, 1891-1902].
- Graña Cid, M. Mar (ed.), *Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo. El convento de san Martín de Villaoriente (1374-1500)*, Separata de *Estudios Mindonienses*, 1990.
- Greimas, A. J., *Dictionnaire de l'ancien français jusqu'au milieu du XIV^e siècle*, Paris, Larousse, 1987.
- Houaiss, A. & Villar, M. de Salles & Franco, F. M. de Mello (dirs.), *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, Editora Objetiva, 2001.
- Lapa, M. Rodrigues, *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizêr dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, Vigo, Galaxia, 1970, 2^a ed. [1965, 1^a ed.].
- Levy, E., *Provenzalisches Supplement-Wörterbuch*, Leipzig, O. R. Reisland, 1894.
- , *Petit dictionnaire provençal-français*, Heidelberg, Carl Winter's Universitätsbuchhandlung, 1909.
- Lopes, G. Videira, *Cantigas de Escárnio e Maldizêr dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*, Lisboa, Estampa, 2002.
- , (dir.), *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas*: <http://www.cantigas.fcsh.unl.pt/index.asp>
- Machado, J. P., *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*, Lisboa, Confluência, 1967, 2^a ed. [1952, 1^a ed.].
- Machado, J. P., & Paxeco, E., *Cancioneiro da Biblioteca Nacional, antigo Colocci-Brancuti*, Lisboa, Edição da *Revista de Portugal*, 1949-1964.
- Maler, B., *Orto do Esposo*. Vol. III. *Correcções dos vols. I e II, estudo das fontes e do estado da língua, glossário, lista dos livros citados e índice geral*, Stockholm, Almqvist & Wiksell, 1964.
- Mettmann, W., *Cantigas de Santa Maria*. IV. *Glossário*, Coimbra, Universidade, 1972.
- , (ed.), Alfonso X el Sabio, *Cantigas de Santa Maria*, Madrid, Castalia, 1986-1989.
- Monaci, E., *Il canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*, Halle a.S., Max Niemeyer Editore, 1875.
- Montero Santalla, J.-M., *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, Universidade da Coruña (Tese de Doutoramento [iné dita]), 2000.
- Nunes, I. Freire (ed.), *Horto do Esposo*, Lisboa, Colibri, 2007.
- Otero Álvarez, A., *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Santiago de Compostela, Anexo 8 de *Verba*, 1977.
- Raynouard, M., *Lexique roman ou Dictionnaire des troubadours, comparée avec les autres langues de l'Europe latine*, Paris, De l'Imprimerie de Crapelet, 1836.
- RILG = *Recursos Integrados da Língua Galega*. <http://sli.uvigo.es/RILG/>

- Rivas Quintas, E., *Frampas. Contribución al diccionario gallego*, Salamanca, CEME, 1978.
- Rodríguez, J. L., *El cancionero de Joan Airas de Santiago. Edición y estudio*, Santiago de Compostela, Anexo 12 de *Verba*, 1980.
- Sarmiento, Fr. M., *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, ed. de J. L. Pensado, Universidad de Salamanca, 1973.
- Sobreira, Fr. J., *Papeletas de un Diccionario Gallego*, ed. de J. L. Pensado, I. *Texto*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos 'Padre Feijoo', 1979.
- TMILG = Varela Barreiro, X. (dir.), *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega: <http://ilg.usc.es/tmilg>

